



PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2015-2016 (ED101C)

PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN

Pola Orde do 1 de decembro de 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anúnciase a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2015-2016 (ED101C) (DOG núm. 248, do 30 de decembro de 2015).

Concluído o prazo de presentación de solicitudes, as comisións provinciais de cualificación avaliaron e fixaron a puntuación asignada a cada proxecto admitido consonte os criterios establecidos na base 9 da convocatoria, con indicación daquelas solicitudes que resultaron excluídas por non cumprir algún dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

En cumprimento do disposto na base 12 da convocatoria, a Comisión Central de Cualificación constituída ao abeiro da base oitava, fai pública na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.lingua.gal> a proposta provisional de resolución, na que se inclúe unha listaxe por provincias que indica a puntuación outorgada a cada proxecto admitido, así como o financiamento asignado a cada centro, de acordo cos criterios sinalados na base 11, e as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes.

Ábrese un prazo de 10 días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da data de publicación desta proposta provisional de resolución, para que os centros interesados poidan formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura do Gabinete de Normalización Lingüística da provincia que corresponda, nos lugares e forma indicados na base quinta da convocatoria. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviarán un correo electrónico ao Gabinete de Normalización Lingüística da súa provincia en que dean conta do día en que presentaron a alegación e o motivo dela, de acordo co disposto na base 12.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

A presidenta da Comisión Central de Cualificación

María Angeles Antón Vilasánchez